



### Relatorios 19/04/2012 Sesión da mañá

#### **A biblioteca escolar actual: marco de referencia para un modelo eficaz. Sala Obradoiro**

**CASILDO MACÍAS PEREIRA** é Diplomado en Biblioteconomía e Documentación pola Universidade de Extremadura, onde tamén cursou estudos de Informática. Responsable de apoio ás bibliotecas escolares da *Consejería de Educación e Cultura* de Extremadura, coordina a *Red de Bibliotecas Escolares de Extremadura*. Ten publicado diferentes artigos e coordinado a edición de publicacións neste campo, así como unha ducia de manuais sobre ofimática e Internet. Participou en diferentes congresos e xornadas, e imparte formación nos centros de profesores, sempre en relación co desenvolvemento de redes institucionais de bibliotecas escolares e o papel destes recursos nos centros de ensino. Coordina na actualidade un proxecto de cooperación entre centros de Extremadura e Portugal (Asociación Comenius Regio “Bibliotecas sin fronteras/sem fronteiras”). Xunto con Ana Bernal (Navarra) e Cristina Novoa (Galicia), coordinou a redacción do *Marco de referencia para las bibliotecas escolares*, editado polo Ministerio de Educación en 2011.

**CRISTINA NOVOA FERNÁNDEZ** é mestra con experiencia na xestión e dinamización de bibliotecas escolares en diversos centros educativos. Realiza labores de asesoramento e intervencións diversas para a reactivación da rede galega de bibliotecas dos centros de ensino, dende a Asesoría de Bibliotecas Escolares da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, desde o ano 2003. Xunto con Ana Bernal (Navarra) e Casildo Macías (Extremadura), coordinou a redacción do *Marco de referencia para las bibliotecas escolares*, editado polo Ministerio de Educación en 2011.

*Desde hai un tempo, véñse traballando desde distintos sectores (bibliotecarios, profesores, movementos de renovación pedagóxica, administracións educativas), pola difusión dun modelo de biblioteca escolar acorde ás novas necesidades do alumnado. A recente publicación do “Marco de referencia para las bibliotecas escolares”, do Ministerio de Educación (2011) reforza o papel da biblioteca escolar como “centros de recursos de lectura, información e aprendizaxe: espazos educativos específicos, integrados na vida da institución escolar, que apoian ao profesorado no exercicio das súas prácticas de ensinanza e facilitan ao alumnado a aprendizaxe dos contidos curriculares, así como a adquisición de competencias e hábitos de lectura, nunha dinámica aberta á comunidade educativa”.*

#### **Autoavaliación na biblioteca escolar. Sala Obradoiro**

**ELENA MARTÍN ORTEGA** é catedrática do Departamento de *Psicología Evolutiva y de la Educación*, da Universidade Autónoma de Madrid. Directora do *Máster Oficial en Psicología de la Educación*. Con responsabilidade no Ministerio de Educación como subdirectora e como directora xeral, cargos que desempeñou no período 1985/96, formou parte do grupo responsable da preparación e posta en marcha da LOGSE. Membro do *Instituto de Evaluación y Asesoramiento de Centros Docentes (IDEA)*, que leva a cabo avaliacións de programas e de centros escolares. Consultora da OEI (Organización de Estados Iberoamericanos) en temas de avaliación educativa. As súas publicacións e investigacións céntranse en temas relacionados coas concepcións de profesores e estudantes, a lectura e a escritura nos procesos de aprendizaxe, o currículo, o asesoramento psicopedagóxico e a avaliación educativa desde a perspectiva da aprendizaxe, dos centros e do sistema. Foi a asesora metodolóxica na elaboración da guía para a autoavaliación, “*Bibliotecas Escolares ¿entre interrogantes?*”, publicado en 2011 polo Ministerio de Educación e a Fundación Germán Sánchez Ruipérez. É coautora, entre outras, da publicación *Competencia para aprender a aprender* (2007).

*A ferramenta que se presenta para autoavaliar a calidade da biblioteca do centro escolar fundaméntase na importancia que en xeral teñen os procesos de avaliación interna dos centros escolares. Nun momento no que aumentou notablemente a cultura das avaliacións externas é importante impulsar os procesos internos que permiten ao centro escolar comprender procesos que non poden avaliarse mediante procedementos estándar. A autoavaliación permite ademais incorporar os resultados externos potenciando unha avaliación integral.*



## Relatorios 19/04/2012

### Sesión da tarde

#### **PROXECTO MEIGA. Posibilidades pedagógicas. Sala Obradoiro**

**CÉSAR IGLESIAS** é funcionario da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e responsable do *Proxecto Meiga*, o programa da Secretaría Xeral de Cultura para a informatización das bibliotecas, tanto públicas como escolares. Realiza labores de programación e desenvolvemento deste programa; tamén colabora na formación dos usuarios de Meiga, no sector das bibliotecas públicas e no ámbito educativo.

<http://www.opacmeiga.rbgalicia.org/>

*O Proxecto Meiga, máis aló dunha aplicación que facilita o tratamento informático da colección das bibliotecas, garda múltiples posibilidades de traballo cooperativo e de aproveitamento pedagóxico.*

#### **Plan de mellora de bibliotecas escolares. Centros de nova incorporación. Sala Obradoiro**

**CRISTINA NOVOA** e **PILAR SAMPEDRO** son asesoras de bibliotecas escolares da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, dependendo da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, desde onde se coordinan as actuacións da consellería en materia de bibliotecas escolares e fomento da lectura en centros de ensino.

*Plan de mellora de bibliotecas escolares. Retos e debilidades, realidade e posibilidades, optimización de recursos e prioridades. Un repaso pola situación actual.*

<http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog>

#### **Lectura expresiva. Sala Obradoiro**

**SANTIAGO FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ** é licenciado en Arte Dramática e mestre. Foi fundador, actor e director do grupo de teatro independente "Tespis", actor da "Escola Dramática Galega" e "Teatro Circo". Actualmente é director da Escola de Teatro "Casahamlet", xunto con Manuel Lourenzo. Ten impartido docencia sobre Arte Dramático e diversos cursos monográficos sobre a voz, interpretación e didáctica teatral. Traballou como actor de dobraxe de cine e televisión e como actor en producións de cine (*Dáme lume, A lei da fronteira, O lapis do carpinteiro*) ou televisión (*Mareas vivas, Galicia Express...*). Colabora, entre outros, con medios xornalísticos e coa Orquestra Sinfónica de Galicia nos seus concertos didácticos.

*Unha lectura correcta, expresiva, pode representar unha viaxe polos distintos mundos do autor: ritmos, silencios, liñas melódicas, tons, intensidades... aportan á lectura visións distintas dun mesmo texto. A voz axeitada, como elemento, como ferramenta aínda imprescindible da comunicación, ponse na aberta do mundo a debuxar paisaxes indelebles.*

*Dende hai uns meses, para poder acceder aos correos do PLAMBE hai que solicitalo, do modo que se describe a continuación:*

#### **MODO DE ACTIVAR A TÚA CONTA DE CORREO NO GRUPO DE GOOGLE, "PLAN DE MELLORA DE BIBLIOTECAS ESCOLARES" (PLAMBE)**

1. Coa conta de correo que desexes vincular ao grupo, terás que activar unha conta de GOOGLE, a que serve para utilizar todas as aplicacións (se non coñeces a forma de facelo, o mellor é que consultes con algún compañeiro ou compañeira usuario habitual de internet; se tes unha conta en gmail xa vai directamente)
2. Unha vez dentro de google, a través desa conta, tes que buscar GRUPOS.
3. Buscar o grupo PLAN DE MELLORA DE BIBLIOTECAS ESCOLARES
4. Solicitar a participación no grupo.

Segundo vaian chegando as solicitudes, irémolas aceptando.



### Relatorios 20/04/2012 Sesión da mañá

#### ***Aprender a aprender, unha competencia básica desde a biblioteca escolar.***

#### **Sala Obradoiro**

**ELENA MARTÍN ORTEGA** é catedrática do Departamento de *Psicología Evolutiva y de la Educación*, da Universidade Autónoma de Madrid. Directora do *Máster Oficial en Psicología de la Educación*. Con responsabilidade no Ministerio de Educación como subdirectora e como directora xeral, cargos que desempeñou no período 1985/96, formou parte do grupo responsable da preparación e posta en marcha da LOGSE. Membro do *Instituto de Evaluación y Asesoramiento de centros Docentes (IDEA)*, que leva a cabo avaliacións de programas e de centros escolares. Consultora da OEI (Organización de Estados Iberoamericanos) en temas de avaliación educativa. As súas publicacións e investigacións céntranse en temas relacionados coas concepcións de profesores e estudantes, a lectura e a escritura nos procesos de aprendizaxe, o currículo, o asesoramento psicopedagóxico e a avaliación educativa desde a perspectiva da aprendizaxe, dos centros e do sistema. Foi a asesora metodolóxica na elaboración da guía para a autoavaliación, *"Bibliotecas Escolares ¿entre interrogantes?"*, publicado en 2011 polo Ministerio de Educación e a Fundación Germán Sánchez Ruipérez. É coautora, entre outras, da publicación *Competencia para aprender a aprender* (2007).

*A competencia de aprender a aprender é esencial dende unha perspectiva da sociedade do coñecemento e da aprendizaxe ao longo da vida. A falta de tradición deste tipo de aprendizaxe leva ás veces a confundila co mero traballo de técnicas de estudo. Para afrontar nun centro escolar a incorporación serena, e profunda dunha competencia complexa é preciso analizar a súa dimensión cognitiva, emocional e social. Require tamén identificar responsables no colexio ou instituto que preparen ao resto do equipo docente para a inclusión nas súas programacións, así como no resto da actividade escolar, dos procesos metacognitivos que a competencia de Aprender a Aprender esixe.*



Nun medio caracterizado polo incremento da conexión en redes, as persoas encargadas das bibliotecas escolares deben ser competentes para planificar distintas técnicas de utilización da información, e ensinalas tanto ao profesorado como ao alumnado; deben, xa que logo, actualizar constantemente a súa formación e desenvolvemento profesionais.

Manifiesto IFLA/UNESCO sobre a Biblioteca Escolar. 2000



12, 15 h. Presentación de experiencias. Sesións simultáneas – **BIBLIOTECA E CURRÍCULO. APRENDER A INVESTIGAR**

<b>SALA OBRADOIRO</b>	<b>Aula 4</b>	<b>Aula 10</b>	<b>Aula 11</b>	<b>Aula 12</b>	<b>Aula 15</b>
<b>Proxectos interdisciplinares</b>	<b>Investigar o medio</b>	<b>Proxectos interdisciplinares</b>	<b>Investigar en Educación Infantil</b>	<b>Investigar en Educación Primaria</b>	<b>Investigar en Primaria/Secundaria</b>
<b>IES Alexandre Bóveda</b> (Vigo, Pontevedra) Benigno Nerga <i>“Facer proxectos de centro: un obxectivo”</i>	CEIP de Andrade (Pontedeume, A Coruña) Encarna Fernández <i>Un proxecto realizado no centro: “O lugar onde vivimos”</i>	<b>IES de Ames (Ames, A Coruña)</b> Margarita Olivar <i>A voltas co... mundo</i>	<b>EI Concepción Crespo Rivas</b> (Pontevedra) Ana Teresa Malvar <i>A biblioteca en Educación Infantil: un espazo educativo sen límites.</i>	<b>CEIP de Louro</b> (Muros, A Coruña) Carmen Cancela <i>Todos os camiños levan á... biblioteca (e a biblioteca leva a... todos os camiños!!!)</i>	<b>IES Illa de Arousa</b> (Illa de Arousa, Pontevedra) Fe Souto <i>América. Un traballo interdisciplinar arredor da biblioteca</i>
	CEIP Mestres Goldar (Vigo, Pontevedra) Julia González <i>Coñecendo o noso, sen ir máis lonxe....</i>				
<b>IES Leiras Pulpeiro (Lugo)</b> Rosa María Rodríguez <i>Facer Lugo, un proxecto para desenvolver as competencias básicas a carón da biblioteca</i>	<b>Aula 8</b> <b>Ferramentas TIC na educación documental</b> CEIP Milladoiro (Malpica, A Coruña) Olga Rodríguez <i>A competencia informacional: das TIC ás TAC</i>	<b>CIFP Manuel Antonio</b> Vigo (Pontevedra) Antonio Fdez. Costas <i>Proxecto Interdisciplinar.</i>	<b>EI de Vide</b> (As Neves, Pontevedra) Sabela Lahuerta <i>Buscamos? A biblioteca nos pequenos proxectos de traballo de educación infantil: camiñando cara á educación documental</i>	<b>CEIP A Lama</b> (A Lama, Pontevedra) Rafael Sánchez-Agostino <i>Biblioteca escolar: centro de recursos para o desenvolvemento dun proxecto documental integrado</i>	<b>CEIP Quintela</b> (Moaña, Pontevedra) Isabel Vázquez <i>Traballos documentais (galipedia, proxectos...) na biblioteca escolar</i>



## Relatorios 20/04/2012

### Sesión da tarde

**ENCUNTROS POR ZONAS. Prácticas de lectura para a aprendizaxe e tratamento da información. Visita á exposición de materiais.**

<b>Sala OBRADOIRO</b>	Responsables PLAMBE zona Vigo	Coord. Mónica Muñoz
<b>Aula 4</b>	Responsables PLAMBE zona Pontevedra	Coord. Paco Díaz
<b>Aula 8</b>	Responsables PLAMBE zona A Coruña	Coord. Javier Pintor
<b>Aula 10</b>	Responsables PLAMBE zona Santiago	Coord. Leonor Mazaira
<b>Aula 11</b>	Responsables PLAMBE zona Ferrol	Coord. Gabriela Sánchez
<b>Aula 12</b>	Responsables PLAMBE zona Ourense	Coord. Loli Nieto
<b>Aula 15</b>	Responsables PLAMBE zona Lugo	Coord. Marta Coira.

#### Lectura sen libros. **Sala Obradoiro**

**JOSÉ ANTONIO MILLÁN** é lingüista, autor e editor; participou na concepción e desenvolvemento de proxectos culturais en Internet, entre os que destaca a creación do Centro Virtual Cervantes (1996-7), primeira aposta forte dunha institución pública española pola rede. Deu asistencia e asesoría a moitas empresas, institucións gobernamentais e intergubernamentais. Encabezou o comité de expertos en tecnoloxías da información e a comunicación da *Organisation Internationale de la Francophonie*, Organización de Estados Iberoamericanos, Comunidades dos Países de Língua Portuguesa, Unión Latina e Secretaría de Cooperación Iberoamericana no marco de *Los tres espacios lingüísticos* (2001-3). Na actualidade colabora no proxecto dixital da Residencia de Estudiantes (Madrid), que inclúe a utilización da Web Semántica para o manexo de información cultural e a visualización de datos. O diario El Mundo incluíuno varias veces entre as 25 persoas máis influentes de Internet. Como editor no medio dixital dirixiu o CD-ROM do Dicionario da Real Academia (1995). O seu sitio web *Libros & bitios* foi un referente constante da edición dixital durante os últimos anos, e foi patrocinado por Google. Forma parte do consello científico da Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes e do da Biblioteca Electrónica do Institut Ramon Llull. Traballou sobre comunicación mediante iconas (da que impartiu clases no mestrado "Diseño de interfaces" da Escola Elisava, Barcelona). Sobre este tema é autor dos libros *Non!* y *Contra!* (Barcelona, Gustavo Gili, 2004) e mantén o sitio web de *Rutas pola iconosfera*.

Dirixiu cursos e seminarios como "Redes e cultura", "Búsqueda, del archivo a la Red", "El humanista digital", "El libro electrónico" (Residencia de Estudiantes); "La edición digital y los derechos implicados" (Círculo de Belas Artes), ou Telecomunicacións, Sociedade e Cultura (Foro Complutense). Impartiu cursos e conferencias en numerosas universidades nacionais e estranxeiras. É autor entre outros dos libros *Hacia la escuela 2.0. Proyectos con programas gratuitos para formar ciudadanos de la sociedad del conocimiento* (SM, 2009), *Manual de urbanidad y buenas maneras en la Red* (Melusina, 2008), *La lectura y la sociedad del conocimiento* (Federación de Gremios de Editores de España, 2001), *Internet y el español* (Fundación Retevisión, 2001) e *De redes y saberes. Cultura y educación en las nuevas tecnologías* (Santillana, 1998).  
<http://jamillan.com/librosybitios/>

*Nun panorama de prácticas lectoras con séculos de antigüidade (que abarcaban tanto manuscritos como libros impresos) irromperon novos sistemas para transportar a palabra. Que podemos agardar deles para a nosa lectura, o noso estudo, o noso pracer? Un editor, autor e lector propón algunhas claves cara a unha resposta.*

<http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog/>